

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DIA 12 DE MAIO DO 2008.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día doce de maio de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebío, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 5 de Maio do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

1.- EXPEDIENTE RIB/N 04.1/08

“Visto o escrito de D. Jose Manuel Parente Conde, en representación do Sindicato Comisións Labregas de data 8 de Abril de 2008 (R.E.X 2079) onde presenta Proxecto para acodicionamento de local para oficinas.

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 02/05/08 no que se fan as seguintes consideracións:

ANTECEDENTES:

18.01.08. Solicitante:..... Presentación de Proposta de colocación de carpintería en fachada de local de planta baixa, redactada polo arquitecto técnico D. Antonio Nieves González.
18.01.08. Inf. Tecn. RIB/N/4/08:..... Informe Favorable.
31.01.08. Comisión Seguimento:.. Aprobación Informe Técnico RIB/N/4/08.

INFORME:

O “Proxecto Técnico de “Acondicionamento de local para oficinas” e o Estudio de Seguridade e Saúde, están redactados polo arquitecto técnico D. Antonio Nieves González Gómez, estando o seu cargo a Dirección da Execución Material das Obras e a Coordinación en Execución.

O Proxecto Técnico de “Instalación eléctrica para local destinado a oficinas” está redactado polo enxeñeiro técnico industrial D Cesáreo Lorenzo Rodríguez.

*** SITUACIÓN E CONDICIÓN URBANÍSTICAS:**

CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA:

Os terreos están incluídos dentro do Solo Urbano Consolidado.

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:

Nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais inclúese a parcela dentro da delimitación da Zona de Protección do Casco Histórico, polo que é de aplicación, ademais da Ordenanza 4.1. RC Residencial Cerrada, que aparece grafiada no Plano de Ordenación, a Ordenanza CU: Conxunto Urbano en Conservación Parcial de Carácter.

Na Documentación Técnica presentada cumprese a normativa urbanística respecto do uso que se pretende, de oficinas para o Sindicato Labrego Galego – Comisións Labregas.

Por outro lado, dada a citada ubicación dentro da delimitación da Zona de Protección do Casco Histórico, é tamén de aplicación o fixado no Título XII.- Zona de Protección das Ordenanzas do P.E.R.I., e a súa Modificación Puntual aprobada con data de 26 de febreiro de 2004.

Na Documentación Técnica presentada cumprese a citada normativa, habendo obtido o Informe Favorable da Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I., na súa sesión de data de 31 de xaneiro de 2008, para a colocación da carpintería exterior.

*** CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO:**

DATA DE VISADO DO PROXECTO TÉCNICO: 18 de marzo de 2008.

DATA DE VISADO DO PROXECTO DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA: 13 de marzo de 2008.

O local que se pretende adaptar conta cunha superficie construída total de 97,32 m², e unha superficie útil total de 87,65 m², sendo as superficies útiles das distintas dependencia as seguintes:

Sala de xuntas	29,67 m ²
Despacho	11,85 m ²
Atención ó público	16,37 m ²
Entrada	8,74 m ²
Sala de espera	12,43 m ²
Distribuidor	4,43 m ²
Aseo 1.....	1,67 m ²
Aseo 2.....	2,49 m ²

O Presuposto de Execución Material que se estima no Proxecto Básico e de Execución presentado é de 17.352,75 € (dezasete mil trescentos cincuenta e dous euros con setenta e cinco céntimos).

A documentación técnica presentada cumpre coas condicións da Normativa Acústica, condicións de Accesibilidade e condicións de protección contra Incendios; incluíndose o correspondente Certificado de Seguridade e Solidez estrutural.

En base a todo o exposto anteriormente infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras e a Licenza Provisional solicitada.

O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de seis (6) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Para a concesión da Licenza Definitiva de Actividade, unha vez rematadas ás obras notificarase ó Concello coa finalidade de realizar a correspondente visita de comprobación.

Visto o Informe Xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

1ª.- Respecto da clasificación urbanística a que se fai referencia o Informe Técnico de data 02/05/2008 como o solo urbano consolidado debería procederse a motivación de porqué se entende que estamos ante este tipo de solo posto que na normativa subsidiaria do Concello de Ribadavia punto 1.4.2 só se fai referencia a solo urbano, de xeito que, a súa clasificación como consolidado ou non consolidado deberán motivarse tendo en conta as previsións do artigo 12 da Lei 9/2002 LOUGA, posto que o Réximen Xurídico resultante é diferente e sobre todo se temos en conta o artigo 6 da citada Lei que na interpretación das normas aboga pola solución da menor edificabilidade.

2ª.- O uso solicitado “acondicionamento de local para oficina” podería incluírse dentro dos usos admitidos no punto 4.1.3 da Ordenanza Residencial Cerrada e no punto 4.8.3 da Ordenanza Conxunto Urbano e Conservación Parcial de Carácter, concretamente no uso dotacional de conformidade co punto 2.8.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda outorgamento da licenza para acondicionamento de local para oficina

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o

outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: acodicionamento de local para oficinas.

Contía na que se orzan as obras: 17.352,75 €

Situación e emprazamento das obras: Rúa Virxe do Portal, 11 baixo.Ribadavia

Redactor do proxecto e dirección execución material das obras: D. Antonio Nieves González.

Nome ou razón social do promotor: Sindicato Labrego-Galego-Comisións Labregas

Prazos: O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de tres (6) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Tendo en conta que con data 08/04/2008, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras a contía de 451,17 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 17.352,75 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, coincidindo coa contía xa aboada.

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente mantendo o seu uso inicialmente proxectado para planta soto e modificando o de planta baixa e comercial para uso de garaxe.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1.- Escrito de Don Luis Orero Grandal arqueólogo municipal de data 7/05/2008 e RE 2808 sobre os traballos de eliminación de recheos en terrazas interiores e alxibre no Castelo do Sarmiento, entregando informe valorativo dos traballos realizados para coñecemento e efectos.

2.- Escrito de Dona Carolina Moreno Vázquez mediante o que se remite oficio librado pola Sala do Contencioso Administrativo sección segunda do TSX de Galicia nos autos do procedemento ordinario 4072/2006-P, no que se solicita información sobre o número de habitantes de Ribadavia anos 2004 a 2007, e sobre a distribución territorial da poboación da zona farmacéutica de Ribadavia neste período.

3.- Escrito da empresa Galaica Roderic, S.L. de data 9/05/2008 RE 2906 sobre titulariedade de parcelas que poden afectar ao Concello de Ribadavia. A Xunta de Goberno entende que xa se produciron as reunións as que fai referencia o escrito aínda que non teñen problema algún para manter as conversas que sexan necesarias.

4.-Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Emilia González Rodríguez** con domicilio en A Franqueiran, Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 8/05/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar da A Franqueiran, a solicitude de Dona Emilia González Rodríguez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

5.-Solicitude de información urbanística interesada por Dona Rita María García Araújo con domicilio en As Chavolas nº 24, 32416, Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 8/05/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar da As Chavolas, 24 (O Seixo), a solicitude de Dona Rita María García Araújo de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

1.- Comunicación da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes con data 30/04/08 e RE 2890 no que sinala que a concesión V-0758 XG-051 ten incidencia nese termo municipal e por tal motivo comunícaselle que, como parte interesada ou afectada, pode persoarse no procedemento e, tras o exame da documentación pertinente neste Servizo Provincial de Transportes (Rúa José Ángel Valente, nº2”), efectuar as alegacións que estime oportunas no prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia.

2.- Comunicación da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes con data 30/04/08 e RE 2891 no que sinala que a concesión V-2523 XG-250 ten incidencia nese termo municipal e por tal motivo comunícaselle que, como parte interesada ou afectada, pode persoarse no procedemento e, tras o exame da documentación pertinente neste Servizo Provincial de Transportes (Rúa José Ángel Valente, nº2”), efectuar as alegacións que estime oportunas no prazo de quince días, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia.

3.- Comunicación da Confederación Hidrográfica del Norte de data 6/05/2008 con data RE 8/05/2008 e nº 2839 mediante o cal se da traslado a Consellería de Medio Ambiente, Consellería de Sanidade e concellos afectados (entre eles o de Ribadavia) da información relativa as actuacións de seguimento da contaminación por arxénico en augas subterráneas en relación cos controis practicados a doce titulares de dereitos de augas públicas.

4.- Comunicación da Consellería de Innovación e Industria con data de RE 7/05/2008 e nº RE 2815 mediante a que se concede unha subvención de 3991,24 euros para o funcionamento e mantemento de oficina municipal de información ao consumidor do concello de Ribadavia para ó 2008.

5.- Comunicación do Concello de Castrelo de Miño con data de RE 9/05/2008 e nº 2889 relativo o decreto sobre distribución entre os concellos afectados da participación da cuota municipal de tarifa no epígrafe do IAE de 2007 relacionado coa produción de enerxía eléctrica do encoro de Castrelo de Miño.

6.- Comunciación do Concello de Piñor agradecendo a axuda prestada polo Concello de Ribadavia na extinción do incendio acontecido na fábrica de Madeiras Gómez.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CUALIFICACIÓN PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **Dona Flora Fernandez Davila**, con domicilio na Praza de Buxán nº2,32400, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmovible sito na Rúa Travesía de Santiago I, 6, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

Don Marcos Blanco Jorge, Alcalde do Excmo. Concello de Ribadavia, propón a Xunta de Goberno Local, a celebrar o día 12 a adopción do seguinte acordo en relación co auto de 3 de marzo de 2008 do procedemento ordinario 0004754/1994E:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

“ En aras a la ejecución de la Sentencia relativa al procedimiento ordinario 0004754/1994E en sus expresos términos y conforme a las instrucciones dictadas por la Sala de lo Contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia en los sucesivos autos de ejecución, se propone a la Junta de Gobierno, la adopción del siguiente acuerdo:

Primero.-

1.- Que se reconozca expresamente que son nulos, en virtud de sentencia de la Sección Segunda de la Sala de lo contencioso-administrativo del TSJ de Galicia de fecha 24 de julio de 1996, los siguientes acuerdos municipales :

- el acuerdo de la Comisión de Gobierno de 28 febrero 1994 que declaró la caducidad de la licencia concedida el 2 de julio de 1990 a D^a M^a Antonia Ruiz Alvarez para Proyecto Básico de construcción de inmuebles en la calle de Redondela;
- el acuerdo de la Comisión de Gobierno de 7 de abril de 1994 que desestimó el recurso de reposición interpuesto frente al anterior;

2.- que se reconozca expresamente vigente dicha licencia concedida el 2 de julio de 1990 a D^a M^a Antonia Ruiz Alvarez para Proyecto Básico de construcción de inmuebles en la calle de Redondela;

3.- Que se reconozca expresamente que es nulo, en virtud de Auto dictado por la misma Sección Segunda de la Sala de lo contencioso-administrativo del TSJ de Galicia de fecha 15 de mayo de 2007, el acuerdo de la Junta de Gobierno del Concello de fecha 10 de abril de 2006, que había sido adoptado erróneamente como acto de correcta ejecución de la sentencia;

4.- Asimismo, en estricto cumplimiento del pronunciamiento de la sentencia contenido en su Fundamento de Derecho Segundo, que dice expresamente que es necesario el Informe de la autoridad competente en materia de Patrimonio antes de resolver sobre las licencias de los Proyectos de Ejecución ; Considerando asimismo que el Auto de esta misma Sala de fecha

15 de mayo de 2007 ratifica de nuevo expresamente en su Fundamento de Derecho Segundo que es necesario que la autoridad competente en materia de Patrimonio informe si autoriza o no las licencias de los proyectos de Ejecución; Considerando asimismo que tanto la parte demandante en sus escritos, como la Sala en su Auto de fecha 3 de marzo de 2008, como este mismo Concello, no consideran bien cumplimentado dicho requisito con el ambiguo e incompleto Informe del director Xeral de patrimonio Cultural de fecha 5 de junio de 2006 que esta parte aportó a los autos acompañando a su escrito de fecha 4 de Enero de 2008, este Concello ACUERDA REMITIR de nuevo el Proyecto de Ejecución presentado A LA AUTORIDAD COMPETENTE EN MATERIA DE PATRIMONIO -Dirección Xeral de Patrimonio Cultural- PARA QUE ÉSTA , EN INEXCUSABLE CUMPLIMIENTO DEL EXPRESO MANDATO DE LA REFERIDA SENTENCIA Y REFERIDOS AUTOS DE ESTA SALA, Y EN INEXCUSABLE EJERCICIO DE LAS COMPETENCIAS IRRENUNCIABLES QUE, EN VIRTUD DE LA NORMATIVA APLICABLE, Y EN VIRTUD DE LA REFERIDA SENTENCIA, LE CORRESPONDEN EN MATERIA DE PROTECCION DEL PATRIMONIO , INFORME CLARAMENTE SI AUTORIZA O NO LA CONCESIÓN DE LICENCIA SOLICITADA PARA EL REFERIDO PROYECTO DE EJECUCIÓN, Y EN CASO DE AUTORIZARLA SI CONDICIONA O NO DE ALGUNA FORMA SU AUTORIZACIÓN, A FIN DE QUE EL CONCELLO DISPONGA DE UNA VEZ DEL PRECEPTIVO REQUISITO PREVIO DE AUTORIZACION O DESAUTORIZACION DE LA AUTORIDAD COMPETENTE EN MATERIA DE PATRIMONIO, Y PUEDA DEFINITIVAMENTE RESOLVER, EN EL MARCO DE SUS ERICTAS COMPETENCIAS URBANÍSTICAS, LA LICENCIA SOLICITADA PARA EL REFERIDO PROYECTO DE EJECUCIÓN. “

Segundo.- Dadas las discrepancias obrantes entre los informes técnicos y jurídicos obrantes en el expediente, en concreto entre el informe de la Dirección General de Patrimonio y los informes técnicos de la Oficina de Rehabilitación del Casco Histórico, y con el objeto de ultimar el expediente tramitado a nombre de Doña Maria Antonia Ruiz Alvarez,, se acuerda remitir de nuevo el expediente y los informes obrantes en el mismo a la Dirección General de Patrimonio con el objeto de emisión de informe claro y preciso relativo a la coincidencia o no de los proyectos de ejecución con el proyecto básico objeto de licencia municipal otorgada con fecha 02.07.1990.

Tercero.- Notificar el presente acuerdo a la Sala de lo Contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia e a la interesada a los efectos que procedan.”

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

CONGALLE S.L., servicio de recollida de lixo, mes de novembro 2007, por importe de 7.054,47 euros.

SOGAMA, tratamento dos R.U. na planta de Transferencia de San Cibrao, mes de abril 2007, por importe de 1.326,75 euros.

SOGAMA, tratamento dos R.U. na Mancomunidade do Ribeiro, mes de abril 2007, por importe de 8.025,68 euros.

Segundo.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

IMAGA GALICIA S.A., pago a conta de sentenza xudicial por liquidación definitiva da obra de Rehabilitación da Casa Consistorial, por importe de 9.472,08 euros.

Terceiro.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO